

ANUNCIO: DETERMINACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno do Concello de Melide, na sesión extraordinaria e urxente do día 1 de agosto de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Determinación do persoal eventual.

PRIMEIRO: determinar o seguinte persoal eventual: Xefe/a de gabinete da alcaldía, cunha retribución bruta mensual de 2.340,90 €, de tal xeito que as retribucións anuais por importe de 28.090,80 € distribuiranse para a súa percepción en catorce pagas anuais iguais, correspondéndose con doce pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía a percibir nos meses de xuño e decembro.

As retribucións anuais revisaranse anualmente, sen necesidade de novo acordo plenario adicional e con efectos do 1 de xaneiro de cada exercicio, na proporción que determinen os orzamentos xerais do Estado para as retribucións do persoal ao servizo do sector público.

SEGUNDO: o persoal eventual determínase nos termos que a continuación se indican:

- a) Denominación: Xefe/a de gabinete da alcaldía.
- b) Características: Establécense como *funcións principais*, en relación cos asuntos propios da Alcaldía:
 - 1. *Atender ao público presencial, telefónica e telematicamente.*
 - 2. *Manexar ordenadores e programas informáticos e tecnolóxicos necesarios para o correcto desempeño do posto de traballo.*
 - 3. *Levar a axenda da Alcaldía.*
 - 4. *Asesoramento á Alcaldía.*
 - 5. *Coordinación do goberno municipal.*
 - 6. *Realizar calquera outra función propia do posto.*
- c) Retribucións: 28.090,80 € brutos anuais (incluída a parte proporcional da paga extraordinaria) e polo que atinxe á Seguridade Social, asimílase ao grupo de cotización 1.
- d) Dedicación: Exclusiva (xornada completa) e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

TERCEIRO: publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Melide o presente acordo.

Melide, 2 de agosto de 2023. O alcalde, José Manuel Pérez Penas.